



IES Xesús Ferro Couso

Rúa Ponte Sevilla 43 • 32005 Ourense
T. 988 25 20 00 • F. 988 24 32 50
ies.ferro.couso@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesferrocouso>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. Xesús Ferro Couso (Ourense)

CURSO: 4º E.S.O.

MATERIA: Educación Física

DEPARTAMENTO: Educación Física

DATA: 11-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	2
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	5
2.1. AVALIACIÓN.....	5
2.1.1. <i>Procedementos</i>	5
2.1.2. <i>Instrumentos</i>	5
2.2. CUALIFICACIÓN FINAL	5
2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	6
2.4. ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.....	6
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)	7
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	7

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Diseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma. ▪ EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal. ▪ EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Colaborar na planificación e na organización de eventos, campionatos ou torneos deportivos, previndo os medios e as actuacións necesarias para a súa celebración e relacionando as súas funcións coas do resto de implicados/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais. ▪ EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas. ▪ EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas. ▪ EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas. ▪ EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Demostrar actitudes persoais inherentes ao traballo en equipo, superando as inseguridades e apoiando as demais persoas ante a resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos. ▪ EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións. ▪ EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física. ▪ EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. ▪ EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características. ▪ EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas. ▪ EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria. ▪ EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes ▪ EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario. ▪ EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións. ▪ EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e reconece os procesos que están implicados nelas. ▪ EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel. ▪ EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

2.1. AVALIACIÓN

2.1.1. Procedementos

- Análise das producións e traballos do alumnado, é dicir, das tarefas escritas, orais e vídeos realizados polo alumnado.
- Probas a distancia ou presenciais, segundo sexa posible.

2.1.2. Instrumentos

- Rúbricas para a valoración cualitativa dos traballos realizados.
- Probas ou traballos escritos, visuais ou orais para a obtención dunha avaliación cuantitativa das aprendizaxes do alumnado.

2.2. CUALIFICACIÓN FINAL

Alumnado con dúas avaliacións aprobadas: Para o alumnado que teña a primeira e a segunda avaliación aprobadas, realizarase a media aritmética das cualificacións destas avaliacións, e este resultado poderase incrementar ata dous puntos en función das tarefas e traballos realizados ao longo do período de confinamento.

$$\text{Nota final} = \frac{N_1 + N_2}{2} + (\text{máximo 2 puntos} - \text{tarefas non finalizadas})$$

onde N_1 e N_2 son as notas da primeira e segunda avaliación respectivamente.

Alumnado con algunha avaliación suspensa: Terase que facer algunha proba ou probas de recuperación (presencial ou telemática segundo sexa posible) que lle sirva para recuperar algunha de esa avaliación ou esas avaliacións suspensas. Unha vez realizada esta recuperación, a cualificación final obterase da mesma maneira que no caso anterior.

No caso de que, unha vez feitas as probas de recuperación, as notas das avaliacións continúen suspensas, a cualificación final obterase da media aritmética das cualificacións da primeira e da segunda avaliación, tomando sempre a máis alta (a máis alta entre a que tiña na avaliación correspondente e a que obtivo na recuperación).

2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Coa normativa vixente está prevista unha convocatoria extraordinaria en setembro para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria ordinaria de xuño. Na data de setembro que acorde o centro educativo realizárase unha proba escrita, oral ou práctica, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superar o ámbito.

2.4. ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

No curso 2019/2020 non existe ningún alumnado con esta materia pendente.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

Cada semana aproximadamente, e baixo a coordinación da dirección do centro, realizarase unha proposta de actividade nun documento onde se describan as distintas tarefas que ten que realizar o alumnado e o listado de recursos (apuntes, exercicios, enlaces, vídeos...) que se poñen á disposición do mesmo na páxina web do centro educativo.

As distintas actividades (repaso, reforzo ou ampliación) **estarán relacionadas cos estándares de aprendizaxe imprescindibles.**

A temporalización das distintas planificacións de actividades móstrase a continuación:

Período planificación	Actividades
14 ao 30 de abril	Actividades combinadas de repaso, reforzo e ampliación.
4 ao 15 de maio	Actividades de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na primeira avaliación. Se se considera oportuno, o alumnado coa primeira avaliación aprobada poderá realizar tarefas de ampliación.
18 ao 29 de maio	Actividades de repaso e reforzo relacionadas co currículo avaliado na segunda avaliación. Se se considera oportuno, o alumnado coa primeira avaliación aprobada poderá realizar tarefas de ampliación.
1 ao 19 de xuño	Probas e/ou actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa, e actividades de repaso ou ampliación para o resto.

Está confirmado que todo o alumnado matriculado na materia ten os recursos tecnolóxicos para poder continuar coa docencia da materia a distancia.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Os medios de comunicación **establecidos como básicos** para comunicarse co alumnado e as familias serán dous: **a páxina web do centro e correo electrónico de cada profesor ou profesora.** Por un lado, a través da páxina web as familias e o alumnado poderán ver a planificación que o profesor ou profesora do ámbito establece, e alí poderán descargar os recursos correspondentes (apuntes, exercicios, enlaces...) ou se indicará como obtelos. Por outro lado, o profesorado pon a disposición do alumnado un correo electrónico.

A profesora da materia tamén realizará unha vez a semana con cada nivel ou grupo unha videoconferencia para resolver dúbidas sobre as tarefas plantexadas.